





X
O
R
N
A
D
A
D
O
D
Í
A
D
A
S
L
E
T
R
A
S
G
A
L
E
G
A
S
B
E
G
O
Ñ
A
C
A
A
M
A
Ñ
O


CÓDIGO EN FPROFE
G2502017

18 de abril
Pazo de San Roque
Santiago de Compostela



XUNTA
DE GALICIA

Xacobeo  2027



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



Sábado 18
Abril

Programa XERAL

Salón de actos do Pazo de San Roque

09:00 H
09:30 H

De precisar algún tipo de adaptación o día da xornada, agradecemos se nos comunique con antelación.

Entrega de documentación
Primeiro control de asistencia

09:30 H
10:00 H

Inauguración

Valentín GARCÍA GÓMEZ
Secretario xeral da Lingua

Beatriz CAAMAÑO RASCADO
Familia de Begoña Caamaño

Ana Isabel BOULLÓN AGRELO
Real Academia Galega

10:00 H
10:45 H

Conferencia

A primeira Begoña Caamaño. As orixes da súa ollada ao mundo

Ramón NICOLÁS RODRÍGUEZ
IES Castelao, Vigo

Ofrecerá unha síntese, acompañada dalgunha aplicación didáctica, do percorrido vital de Begoña Caamaño polos barrios do Calvario e de Coia, en Vigo. As súas vivencias, que son as dunha nena esperta e chea de curiosidade polo máis próximo, han determinar, en certo xeito, a súa maneira de enfrontarse e entender o mundo do seu tempo.

Sábado 18
Abril

Programa
XERAL

Salón de actos do Pazo de San Roque

10:45 H
11:30 H

Conferencia

Begoña Caamaño na escola

Beatriz MACEDA ABELEIRA
CEIP Raquel Camacho, A Coruña

Analizarase como a figura da escritora e xornalista Begoña Caamaño pode ser traballada na escola como unha autora clave para introducir o alumnado na literatura galega contemporánea desde unha perspectiva feminista. A través das súas obras, é posible reflexionar sobre o papel das mulleres na historia e na mitoloxía, ao tempo que se fomenta o pensamento crítico. Ademais, o seu estudo permite conectar a literatura cos valores de igualdade e conciencia social, contribuíndo a promover estes principios desde idades temperás.

Pausa

11:30 H
12:00 H
12:00 H
12:45 H

Conferencia

Circe ou o pracer do azul: reescribir e repensar os mitos clásicos

María LÓPEZ SÁNDEZ
Profesora da USC

A primeira novela de Begoña Caamaño, *Circe ou o pracer do azul*, supuxo unha irrupción brillante no panorama literario galego contemporáneo. O seu coidado estilo, o diálogo coa tradición clásica e a reescrita dos mitos convértena nunha obra clave da narrativa galega do século XXI. Figuras como Penélope, Circe, Medea e Clitemnestra son revisitadas desde unha perspectiva feminista que lles outorga voz e axencia. A obra propón unha reflexión sobre a identidade, o desexo e a posibilidade dunha vida máis libre, achegándose a unha ética da felicidade.

Sábado 18
Abril

Programa
XERAL

Salón de actos do Pazo de San Roque

12:45 H

13:30 H

Conferencia

Begoña en Esmelle

Marga DO VAL

IES Plurilingüe Rosalía de Castro, Santiago

O obxectivo deste relatorio é situar a obra *Morgana en Esmelle* e a súa autora no panorama da literatura galega contemporánea, analizar en profundidade a novela e deseñar estratexias para achegar a súa lectura ao alumnado actual. Abórdase a materia de Bretaña na literatura galega e a ollada feminista empregada por Caamaño na súa reelaboración. Analízase tamén o diálogo establecido coa obra de Álvaro Cunqueiro e a recuperación da personaxe de Felipe de Amancia.

13:30 H

14:15 H

Intervención - actuación

A amizade e a música na vida de Begoña Caamaño

Uxía SENLLE

Artista

Na vida de Begoña Caamaño, a amizade foi un pilar fundamental tanto no persoal como no profesional.

A música acompañouna como forma de expresión, emoción e encontro con outras persoas.

Ambos os elementos axudaron a crear redes de apoio e complicidade ao longo da súa traxectoria.

A súa contorna vital estivo marcada por relacións profundas e unha sensibilidade artística compartida.

Así, amizade e música foron claves na súa maneira de vivir, comunicar e entender o mundo.

14:15 H

14:30 H

Segundo control de asistencia

Sábado 18
Abril

Programa XERAL

Salón de actos do Pazo de San Roque

16:15 H
16:30 H

Terceiro control de asistencia

Concurso-Exposición Letras Galegas

16:30 H
17:00 H

Centro gañador do Concurso-Exposición Letras Galegas A

Begoña Caamaño. Un camiño de sementes

Verónica ARAÚJO MEIRIÑO

Alba FERNÁNDEZ CASTILLO

Rosa Ana FERNÁNDEZ JÁCOME

Sabela PÉREZ RODRÍGUEZ

CEIP Plurilingüe Ribadavia

Exposición do traballo gañador *Begoña Caamaño. Un camiño de sementes*, na categoría A, correspondente a educación infantil e primaria, para o concurso exposición das Letras Galegas 2026 convocado pola Secretaría Xeral da Lingua e a Dirección Xeral de Innovación.

17:00 H
17:30 H

Centro gañador do Concurso-Exposición Letras Galegas B

De Circe a Morgana

María Xesús FERRÍN IGLESIAS

Mónica SOTO BALO

IES Castelao, Vigo

Exposición do traballo gañador *De Circe a Morgana*, na categoría B, correspondente a educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial, para o concurso exposición das Letras Galegas 2026 convocado pola Secretaría Xeral da Lingua e a Dirección Xeral de Innovación.

Sábado 18
Abril

Programa XERAL

Salón de actos do Pazo de San Roque

18:00 H

18:30 H

17:30 H

18:10 H

18:10 H

18:30 H

18:30 H

19:10 H

19:10 H

19:50 H

Experiencias de centro

Que grande, Begoña!

María NAVARRO GARCÍA

CPR Plurilingüe Amor de Dios, Vigo

Proxecto realizado polo alumnado de 4º de secundaria e 2º de bacharelato sobre Begoña Caamaño resultado dun interesante labor de investigación, entrevistas a docentes que lle deron clase e a compañeiras que compartiron con ela aulas).

Pausa

Ruleta dos sentimentos en movemento: poñendo en valor a Begoña Caamaño

José Ramón SABORIDO ROCA

CMUS Profesional Xoán Montes, Lugo

Ana Belén LÓPEZ PÉREZ

EOI de Lugo

O proxecto céntrase no uso da poesía, da música e da danza como instrumentos de dinamización da lingua galega. Neste contexto, e partindo da elaboración previa da *Ruleta dos sentimentos*, un recurso que permite acceder a estes xéneros organizados arredor das emocións, considerouse que ofrecía unha oportunidade idónea para dar a coñecer a figura de Begoña Caamaño.

As Letras Galegas na voz do alumnado: unha experiencia de divulgación audiovisual desde a escola

David RIAL ARAÚJO

CPR Plurilingüe San Pío X, Ourense

O proxecto parte das ilustracións do artista Carlos Gallego e dos textos elaborados polo Seminario Galán. Grazas a isto, o alumnado grava breves oracións que explican, dun xeito claro e atractivo, quen é a figura protagonista das Letras....

Sábado 18
Abril

Programa XERAL

Salón de actos do Pazo de San Roque

19:50 H
20:30 H

Experiencias de centro

Embegoñarmonos con dez conversas

Alexandre BAAMONDE RODRÍGUEZ
Alba GARCÍA CARNEIRO
Mauro GARCÍA CONDE
Marcos GARRIDO FERNÁNDEZ
Daniela GONZÁLEZ FERNÁNDEZ
Mónica LIÑARES GONZÁLEZ
Leire PRIETO ORJALES
Moragh RODRÍGUEZ CRAVEN
Irene SAMPEDRO PUENTES
Adara SOTO VIDAL
Marga DO VAL

IES Plurilingüe Rosalía de Castro, Santiago

O alumnado falará do aprendido no proceso de realización de entrevistas a persoas vinculadas co universo de Begoña Caamaño. Por unha banda, afondaron na vida, no compromiso e na obra da homenaxeada no Día das Letras Galegas e, pola outra, procuraron información sobre a persoa entrevistada. Con este traballo conseguen ofrecernos a personalidade poliédrica da xornalista, da activista social, da escritora, da amante da música, da irmá e da amiga.

20:30 H

Peche da xornada

20:45 H

Cuarto control de asistencia

